



GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN traslada a seguinte proposta para a súa aprobación no PLENO MUNICIPAL.

MOCIÓN DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA APROBE UN PLAN SOCIAL DE CHOQUE CONTRA A CRISE DO COVID19: LIÑA DE AXUDA Á AUTÓNOMOS, LIÑA DE AXUDA AO COMERCIO E HOSTALARÍA, E LIÑA DE AXUDAS SOCIAIS CONTRA A CRISE.

Exposición de Motivos

O Concello de Ribadavia debe actuar con urxencia e premura diante dunha situación moi complexa e preocupante para a maioría da sociedade ribadaviense. As axudas das demais Administracións ou non veñen, ou chegarán tarde ou serán non de todo suficientes para a profunda crise que estamos comezando.

Desde o Concello debemos axilizar a súa aprobación durante este mes de abril para que poidan ser realizados os pagos no mes de xuño, como moi tarde.

Ribeiro en Común reclama e propón que se convoque un Pleno Municipal no mes de Abril para aprobar un Plan PLAN SOCIAL DE CHOQUE PARA PROTEXER AOS NOSOS VECIÑOS NESTA TERRIBLE CRISE DO COVID19, COA APROBACIÓN: 1º. DAS BASES DE AXUDAS A AUTÓNOMOS. 2º. AS BASES DE AXUDAS SOCIAIS CONTRA A CRISE.

Ribeiro en Común reclama e propón aprobar as MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NECESARIAS PARA PODER LEVAR A CABO ESTAS AXUDAS ECONÓMICAS, AO SER COMPETENCIA EXCLUSIVA DO PLENO MUNICIPAL E QUE DEBE SER APROBADA POLA SÚA MAIORÍA.

Reclamamos, esiximos e propoñemos un **PLAN SOCIAL DE CHOQUE PARA PROTEXER AOS NOSOS VECIÑOS NESTA TERRIBLE CRISE**. Crise que é tanto sanitaria como social e económica. Así, Ribeiro en Común despois de analizar a situación Orzamentaria do Concello e tras un traballo de comunicación cos técnicos municipais, consideramos que o Concello está en disposición de actuar en favor da súa veciñanza.

O Concello de Ribadavia debe actuar en dous Planos.

1º. Un Plan Social Urxente de choque con 3 liñas de intervención: 1. Autónomos con independencia do sector económico, 2. Comercio e Hostalería, 3. demais poboación que tamén se ve afectada directamente por esta crise: como por exemplo, sector agrícola, asalariados, ou parados.

2º. Un Orzamento Municipal para 2020 que sexa social e centre toda a súa atención nas Axudas aos nosos veciños, autónomos, autoempregados, asalariados afectados pola crise e parados. Un orzamento que debe re-estruturar as partidas adaptándoas a unha nova realidade: esta situación crítica que vivimos e a Crise que aínda está por vir.

Ribeiro en Común propón que o Concello elabore, por consenso dos grupos, unhas BASES DE AXUDA para cada unha destas 3 liñas e nas que se establezan os criterios técnicos e prioridades para poder acceder a elas.

Urxe aprobalas o antes posible para que poidan ser realizados os pagos no mes de xuño como moi tarde.

- Liña de axuda para todos os Autónomos, independentemente do sector. Sería a principal liña de axudas.

Bases que como mínimo deben recoller o abono equivalente a 7 cotas de autónomo.

Bases que deben estar aprobadas como moi tarde a finais de abril, e que deberían terse xa realizadas si se tivera feito antes esta iniciativa en favor do noso sector vital de Ribadavia.

- Liña de axuda para Comercio e Hostalería, que conste de 2 apartados de axuda, un 1º compatible coa liña anterior como complemento a axuda anterior de Autónomos, e un 2º apartado para os casos excepcionais que se poidan quedar fora da liña de axudas anterior.

- Liña de axuda á poboación que vexa reducido os seus ingresos a causa da Crise do COVID19, xa que ademais dos autónomos por desgraza hai máis afectados por esta crise.

O sábado 14 de marzo declarábase o estado de alarma para todo o Estado español, dentro dun contexto de pandemia mundial decretada pola OMS ante a propagación e a aceleración da capacidade infecciosa dun novo virus, o COVID-19, coronavirus.

Desde entón todos e todas, familias, traballadores e á sociedade en xeral, tócalles lidiar cunha situación extremadamente difícil na que se xunta o medo a caeren enfermos co cambio de rutina que supón estarmos permanentemente pechados nas nosas casas por responsabilidade social, o que supón situacións de estrés e nerviosismo en moitos casos. Pero ademais de todo isto, moitas persoas teñen que **afrontar a incerteza económica de que pasará cos seus postos de traballo, cos negocios que se tiveron que pechar, en definitiva, coa seguridade laboral e económica á que todas e todos temos dereito.**

A día de hoxe, as Administracións superiores están anunciando liñas de axuda, que ou tardarán en chegar ou non serán suficientes.

Tanto o goberno central como outras administracións veñen de adoptar nestas semanas varias medidas destinadas a tentar paliar os efectos do parón económico que supón esta crise. De seguro virán outras axudas máis. Pero o noso Concello está na obriga de aprobar e poñer en

marcha axudas que sexan complementarias con estas e cheguen a onde as das outras Administracións non chegarán ou serán insuficientes.

Desde Ribeiro en común vemos con preocupación a situación actual polo que parécenos necesario actuar e dar resposta ás perdas e cargas que provoca esta crise sanitaria á veciñanza; consideramos fundamental que se coide especialmente a aqueles sectores que corren maior risco de empobrecemento económico e daqueles negocios que por culpa desta crise teñan que pechar o seu negocio.

Por iso consideramos que, no caso de Ribadavia, se debe actuar para dar apoio e estabilidade ao noso tecido económico, especialmente a autónomos, vitivinícola, comercio e hostalaría, que son os que máis están padecendo os efectos económicos desta crise sanitaria sen precedentes na nosa historia recente.

Para estes sectores o goberno ven de aprobar medidas como a posibilidade de que os autónomos poidan aplicar ERTes, acollerse á prestación por desemprego, flexibilidade no pago de suministros e da cotización á Seguridade Social, así como outras medidas de flexibilidade para o pago dos alugueiros das vivendas, a prohibición dos desafiuzamentos e a seguridade xurídica de non seren despedidos por causa do covid-19 durante esta situación de confinamento.

Máis alá de todas estas medidas aprobadas, cremos que desde o Concello de Ribadavia debemos dar un paso máis para coidar á nosa economía local neste tempo tan insólito que estamos vivindo, por iso consideramos que se deben adoptar medidas encamiñadas a complementar ás anteriormente citadas, e dotar de maior seguridade económica a todas aquelas persoas que teñen negocios no noso concello e que se encontran con problemas para poder afrontar os pagos tralo peche temporal do seu negocio ou a merma do seu salario por redución da xornada laboral ou aplicación dun ERTE, entre outras situacións.

SECTORES PRIORITARIOS:

- Autónomos autoempregados de todos os sectores que xustifiquen paralización da súa actividade ou unha baixada xustificada na súa actividade.
- Autónomos do Comercio, hostalería e do sector vinícola.
- Asalariados e parados que queden fora de outras axudas públicas.

Son numerosos os exemplos de concellos por toda Galicia que están adoptando medidas. Moitos concellos nestes días están practicando a solidariedade e responsabilidade que se lle está pedindo á cidadanía e tecido empresarial; así, ademais de cidades como Lugo ou Ourense, concellos de menor poboación como Vilagarcía e Ponte Caldelas, entre outros, están comezando a adoptar tamén medidas de apoio económico encamiñadas a atallar a crise económica que esta pandemia trae consigo.

Por iso, reclamamos e propoñemos ao pleno do concello de Ribadavia que se adopten as seguintes medidas para axudar aos nosos veciños e veciñas no momento que máis necesitan do seu Concello.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

1. Que se convoque un Pleno Municipal no mes de Abril para aprobar estas axudas.
2. Que se aprobe Plan **PLAN SOCIAL DE CHOQUE PARA PROTEXER AOS NOSOS VECIÑOS NA CRISE DO COVID19**, COA APROBACIÓN: 1º. DAS BASES DE AXUDAS A AUTÓNOMOS. 2º. AS BASES DE AXUDAS SOCIAIS CONTRA A CRISE. Compatibles con outras axudas, e sempre de acordo a normativa vixente.
3. Que se aproben as **MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NECESARIAS PARA PODER LEVAR A CABO ESTAS AXUDAS ECONÓMICAS, AO SER COMPETENCIA EXCLUSIVA DO PLENO MUNICIPAL E QUE DEBE SER APROBADA POLA SÚA MAIORÍA.**
4. Que se comece a traballar nun Orzamento social para o exercicio 2020, tendo en conta que na actualidade están en vigor os do 2019 prorrogados. Que sexan realizados por consenso ten en conta que o goberno está en minoría e deben ser aprobados no Pleno Municipal por maioría.
5. Que se aproben exencións e bonificacións ao comercio, hostalaría, autónomos e pequenas e medianas empresas con sede en Ribadavia, sempre que o precisen e o xustifiquen, dentro da legalidade vixente. Estas medidas deberán continuar máis alá do Estado de Alarma, para asegurar a recuperación do noso tecido económico.
6. Que desde o Concello tamén se poden establecer **liñas de financiación** compatibles coas que se vaian establecer desde outras Administracións.
7. Como complemento e retroalimentación deste Plan tamén desde Ribeiro en Común propoñemos a realización desde o Concello dunha **Campaña de reactivación do Comercio local** para animar aos veciños e veciñas de toda a comarca a comprar no comercio de proximidade. Reactivar o consumo unha vez se poida volver a certa normalidade.
8. Colaboración do Concello coa Asociación de Comerciantes do Ribeiro na implementación dunha Plataforma de reparto.

Ribadavia a 08 de abril de 2020.

Grupo municipal de Ribeiro en Común.